



SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás catorce horas do día dezanove de decembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

O Sr. alcalde explica que, tal e como consta na resolución de convocatoria desta sesión extraordinaria e urxente, se remitiron a esta Alcaldía os expedientes que a continuación se relacionan:

- O expediente de contratación número 2019/C002/000428 remitido a esta Alcaldía correspondente á adxudicación ao licitador Marcelino Abuin Duro no prezo ofertado de 12.450,00 € sen IVE, (15.064,50) € IVE incluído, do servizo de "Preparación do fondo bibliográfico da Biblioteca Central e colocación e ordenación na nova sede".
- O expediente de contratación número 2019/C002/000429 remitido a esta Alcaldía correspondente á adxudicación do servizo de transporte do fondo da Biblioteca Central e parte do mobiliario ás novas dependencias á empresa ASV Eventos, S.L., no prezo ofertado de 13.480,00 € sen IVE, 16.310,80 € IVE incluído.

- O expediente de contratación número 2019/C005/000011 remitido a esta Alcaldía correspondente á adxudicación da “Subministración consistente no alugueiro, incluído mantemento, dun sistema biométrico para o control de presenza do alumnado e persoal docente dos cursos do Plan AFD 2019-2020 durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga aos cursos académicos 2020-2021, 2021-2022 e 2022-2023”, a prol do licitador Evelb Técnicas y Sistemas, S.L., no prezo ofertado para cada curso académico de 1.763,04 euros sen IVE, 2.133,28 euros IVE incluído.

- O expediente de contratación número 2019/C002/000402 remitido a esta Alcaldía correspondente á adxudicación da Subministración e instalación dunha pantalla Led deportiva e un xogo de marcadores de posesión no pavillón polideportivo Sofía Toro, á entidade Medulio Servicios y Obras, S.L., no prezo ofertado de 12.870,00 € sen IVE, 15.572,70 € IVE incluído.

A urxencia da convocatoria vén motivada porque os citados expedientes, nuns supostos se tratan de servizos/subministracións que deben ser aboados con cargo ao orzamento do ano 2019 e, noutros, se tratan de servizos/subministracións que se deben iniciar á maior brevidade posible.

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º.- Expedientes de contratación

2.1. Adxudicación ao licitador Marcelino Abuin Duro no prezo ofertado de 12.450,00 € sen IVE, (15.064,50) € IVE incluído, do servizo de “Preparación do fondo bibliográfico da Biblioteca Central e colocación e ordenación na nova sede”. Expediente número 2019/C002/000428

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 14 de novembro de 2019 elabórase pola bibliotecaria-arquiveira municipal o documento denominado “*Memoria valorada retirada fondo bibliográfico da Biblioteca Central e colocación e ordenación nas novas instalacións*”, no que se describen e valoran as actuacións a realizar para o traslado do fondo bibliográfico existente na actual Biblioteca Central ás súas novas instalacións, e tendo en conta que nos atopamos nos inicios do curso escolar e que se fai imprescindible dar servizo bibliotecario ao alumnado e á cidadanía en xeral, tamén de concellos limítrofes ao dispoñer de carné único e tratase de axilizar ao máximo todo o proceso de traslado, por un importe de 13.500,00 euros sen IVE, e 16.335,00 euros IVE incluído.

Con data 15/11/2019 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e pola concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se motiva a necesidade desta contratación tendo en conta as competencias municipais en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais que se establecen no artigo 25.2.m) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e art. 19 da Lei 5/2012 de bibliotecas

de Galicia, tendo en conta o traslado da actual biblioteca á súa nova sede, considerándose a contratación do dito servizo necesaria para:

- Axilizar os traballos e ao mesmo tempo poder manter abertas as outras dúas bibliotecas municipais co persoal funcionario
- Manter aberta a actual Biblioteca Central o máximo tempo posible
- Poder abrir ao público as novas instalacións nun corto espazo de tempo,

Isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP e Resolución da Alcaldía nº 1323/2019 do 1 de xullo .

Con data 22/11/2019 emítase polo interventor municipal informe de fiscalización nº 384/2019, favorable á tramitación do expediente , no que consta a existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 3321 22799 e que os licitadores aos que se ten previsto solicitar oferta non superan os 15.000 euros en servizos e subministros no presente exercicio orzamentario, emitíndose documento de retención de crédito con data do 19/11/2019.

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 11/12/2019 emítase informe pola bibliotecaria-arquiveira municipal, coa conformidade de coordinador de actividades culturais, educativas e deportivas, no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Mantelnor
- Multiservicios Cantabria, S.L.
- Marcelino Abuin Duro

e que presentou oferta o licitador que a continuación se relaciona:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Marcelino Abuin Duro	12.450,00 €	15.064,50 €

formulando proposta de adxudicación do servizo de “Preparación do fondo bibliográfico da Biblioteca Central e colocación e ordenación na nova sede”, á Marcelino Abuin Duro con NIF 3544....., e domicilio na Rúa Trasigrex, 60 A, 15318 Crendes, Abegondo (A Coruña), no prezo ofertado de 12.450,00 € sen IVE, 15.064,50 € IVE incluído, por ser o licitador que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran

contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de Xestión de Administración Xeral de data 18 de decembro actual.

Visto o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas con data do 19 de decembro de 2019, no que se indica que o expediente do contrato menor 2019/C002/000428, relativo á preparación do fondo bibliográfico da Biblioteca Central e posterior ordenación e colocación na nova sede da Biblioteca Central de Cambre responde a unha necesidade puntual, esporádica e concreta, así como a unha execución do servizo inferior a un ano, concluíndo que :

“Que os obxectos dos contratos con núm. de expediente 2019/C002/000428 e 2019/C002/000429, están perfectamente definidos e non forman parte dunha mesma unidade funcional nin existe vínculo operativo entre elas.

Por un lado, a preparación do fondo bibliográfico da Biblioteca Central e posterior ordenación e colocación na nova sede, require de especialización e riguroso orde, sendo a empresa adxudicataria idónea para a realización destas tarefas tendo en conta o seu obxecto social “Bibliotecas e Museos”. Por outra banda, o traslado dos fondos require unha especialización diferente, e inclúe a preparación e instalación das estanterías nas que se colocarán os libros de cara ao acto de inauguración previsto nun curto período de tempo así como a realización de traballos de dirección e coordinación dunha montaxe armónica e coordinada de parte do mobiliario.”

Visto canto antecede , por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o documento denominado “Memoria valorada retirada fondo bibliográfico da Biblioteca Central e colocación e ordenación nas novas instalacións”, elaborado pola bibliotecaria-arquiveira municipal cun importe de 13.500,00 euros sen IVE, e 16.335,00 euros IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3321 22799.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000428, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para execución do servizo de “Preparación do fondo bibliográfico da Biblioteca Central e colocación e ordenación na nova sede”, á Marcelino Abuin Duro con NIF 3544....., e domicilio na Rúa Trasigrexha , 60 A, 15318 Crendes, Abegondo (A Coruña), no prezo ofertado de 12.450,00 € sen IVE, 15.064,50 € IVE incluído, por ser o único licitador que presentou oferta, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato á bibliotecaria-arquiveira municipal dona Ángeles Roca López a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese á bibliotecaria-arquiveira municipal , responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención e ao coordinador de actividades culturais e deportivas para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39 incluído, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.2. Adxudicación do servizo de transporte do fondo da Biblioteca Central e parte do mobiliario ás novas dependencias á empresa ASV Eventos, S.L., no prezo ofertado de 13.480,00 € sen IVE, 16.310,80 € IVE incluído. Expediente número 2019/C002/000429

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 22 de novembro de 2019 elabórase pola bibliotecaria-arquiveira municipal o documento denominado “*Memoria valorada transporte fondo bibliográfico e mobiliario da Biblioteca Central . Descarga do fondo e montaxe mobiliario nas novas instalacións*”, no que se describen e valoran as actuacións a realizar para o transporte do fondo bibliográfico e do mobiliario existente na actual Biblioteca Central ás súas novas instalacións, e tendo en conta que nos atopamos nos inicios do curso escolar e que se fai imprescindible dar servizo bibliotecario ao alumnado e á cidadanía en xeral, tamén de concellos limítrofes ao dispoñer de carné único e tratase de axilizar ao máximo todo o proceso de traslado, por un importe de 14.500,00 euros sen IVE, e 17.545,00 euros IVE incluído.

Con data 25/11/2019 emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e pola concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se motiva a necesidade desta contratación tendo en conta as competencias municipais en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais que se establecen no artigo 25.2.m) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e art. 19 da Lei 5/2012 de bibliotecas de Galicia, tendo en conta o traslado da actual biblioteca á súa nova sede, considerándose a contratación do dito servizo necesaria para:

- Axilizar os traballos e ao mesmo tempo poder manter abertas as outras dúas bibliotecas municipais co persoal funcionario
- Manter aberta a actual Biblioteca Central o máximo tempo posible
- Poder abrir ao público as novas instalacións nun corto espazo de tempo,

Isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP e Resolución da Alcaldía nº 1323/2019 do 1 de xullo .

Con data 27/11/2019 emítase polo interventor municipal informe de fiscalización nº 396/2019, favorable á tramitación do expediente , no que consta a existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 3321 22799 e que os licitadores aos que se ten previsto solicitar oferta non superan os 15.000 euros en servizos e subministros no presente exercicio orzamentario, emitíndose documento de retención de crédito con data do 26/11/2019.

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delgación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 11/12/2019 emítase informe pola bibliotecaria-arquiveira municipal, coa conformidade do coordinador de actividades culturais, educativas e deportivas, no que consta que foron invitados os seguintes licitadores:

- Ángel Gabín Videla
- ASV Eventos, S.L.
- ALEUX Rotulación

e que presentaron oferta os licitadores que a continuación se relacionan :

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Ángel Gabín Videla	13.965,00 €	16.897,65 €
ASV Eventos, S.L.	13.480,00 €	16.310,80 €
ALEUX Rotulación	14.630,00 €	17.702,30 €

formulando proposta de adjudicación do servizo de “transporte do fondo da Biblioteca Central e parte do mobiliario ás novas dependencias”, á empresa ASV Eventos, S.L., con NIF: B7040----, domicilio en R/ San Sebastián, 19-7ª – 15007 A Coruña, no prezo ofertado de 13.480,00 € sen IVE, 16.310,80 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de Xestión de Administración Xeral de data 18 de decembro actual.

Visto o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas con data do 19 de decembro de 2019, no que se indica que o expediente do contrato menor 2019/C002/000429, relativo ao transporte do fondo e parte do mobiliario da Biblioteca Central, descarga do fondo e montaxe do mobiliario na nova sede responde a unha necesidade puntual, esporádica e concreta, así como a unha execución do servizo inferior a un ano, e que a empresa proposta como adjudicataria “ASV Eventos, S.L.” ten como obxecto o ámbito da actividade que comprende as prestacións propias do contrato e as inherentes ao mesmo, concluíndo que:

“Que os obxectos dos contratos con núm. de expediente 2019/C002/000428 e 2019/C002/000429, están perfectamente definidos e non forman parte dunha mesma unidade funcional nin existe vínculo operativo entre elas”, e que “o obxecto social da empresa inclúe o ámbito da actividade que comprende as prestacións propias do contrato de referencia e as inherentes ao mesmo”.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o documento denominado “*Memoria valorada transporte fondo bibliográfico e mobiliario da Biblioteca Central . Descarga do fondo e montaxe mobiliario nas novas instalacións*”, elaborado pola bibliotecaria-arquiveira municipal cun importe de 14.500,00 euros sen IVE, e 17.545,00 euros IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3321 22799.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000429, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para execución do servizo de “transporte do fondo da Biblioteca Central e parte do mobiliario ás novas dependencias”, á empresa ASV Eventos, S.L., con NIF: B7040---, domicilio na rúa San Sebastián, 19-7ºA – 15007 A Coruña, no prezo ofertado de 13.480,00 € sen IVE, 16.310,80 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato á bibliotecaria-arquiveira municipal dona Ángeles Roca López a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese á bibliotecaria-arquiveira municipal , responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención e ao coordinador de actividades culturais e deportivas para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39incluído, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.3. Adxudicación da “Subministración consistente no alugueiro, incluído mantemento, dun sistema biométrico para o control de presenza do alumnado e persoal docente dos cursos do Plan AFD 2019-2020 durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga aos cursos académicos 2020-2021, 2021-2022 e 2022-2023”, a prol do licitador Evelb Técnicas y Sistemas, S.L., no prezo ofertado para cada curso académico de 1.763,04 euros sen IVE, 2.133,28 euros IVE incluído. Expediente número 2019/C005/000011

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C005/000011 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación: factor prezo), da “Subministración consistente no alugueiro, incluído mantemento, dun sistema biométrico para o control de presenza do alumnado e persoal docente dos cursos do Plan AFD 2019-2020 durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga aos cursos académicos 2020-2021, 2021-2022 e 2022-2023”, cun orzamento base de licitación para un curso académico de 2.613,60 euros IVE incluído.

Vista a valoración das ofertas presentadas, consonte ao criterio contemplado na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa) e que consta na Acta do órgano de asistencia constituído no presente procedemento de data 14 de novembro de 2019, así como a proposta de adxudicación efectuada polo órgano de asistencia segundo Acta da mesma

data, e posteriormente ratificada na Acta do 27 de novembro de 2019, a prol do licitador “Evelb Técnicas y Sistemas, S.L.” no prezo ofertado por curso académico de 1.763,04 euros sen IVE, 2.133,28 euros IVE incluído, por ser a única entidade admitida na presente licitación e cumprir co único criterio de adxudicación (oferta económica) que consta na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, toda vez que xustificou suficientemente a súa oferta, inicialmente incurso en presunción de ser anormalmente baixa, isto segundo informe emitido pola axente de Desenvolvemento Local con data 26 de novembro 2019, ratificado polo órgano de asistencia segundo Acta de data 27 de novembro de 2019.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria da Corporación, de data 16 de decembro de 2019, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 441/2019 Fase D/AD emitido polo interventor municipal con data do 17 de decembro de 2019.

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público,

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade coa proposta formulada con data 12 de novembro de 2019 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente e tendo en conta o establecido na cláusula 13.2 do Pregoe de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente contrato, en consonancia co Anexo II do referido Pregoe no seu apartado nº 8, (o cal constitúe lei reguladora do contrato que os licitadores declaran coñecer e aceptar), así como o establecido no art. 159.4 da LCSP, en relación coa Disposición transitoria Tercera da LCSP, que esixe a inscrición dos licitadores que participen no procedemento aberto simplificado nos Rexistros estatal ou autonómico na data final de presentación das ofertas, obriga legal respecto da que non cabe decisión ningunha aos órganos de contratación e que todos os licitadores que presentan propostas a partir do 9 de setembro de 2018 deben cumprir, segundo pronunciamento de, entre outras, a Junta Consultiva da Comunidade de Aragón no seu informe nº 20/2018 de 3 de setembro, acórdase **excluir á oferta presentada pola entidade “Presenza Sistemas Tecnolóxicos, S.L.”**, ao non atoparse, na data final de presentación de ofertas (7 de novembro de 2019) inscrita en ningún dos Rexistros contemplados no art. 159.4 da LCSP, sendo obligatoria a inscrición a efectos de participar en procedementos abertos simplificados a partir do 9 de

setembro de 2018 e atopándose dita obriga expresamente contemplada na cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente contrato.

Segundo: De conformidade coa proposta formulada con data 12 de novembro de 2019 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, declarar válida a licitación, admitindo nela á oferta presentada por “**Evelb Técnicas y Sistemas, S.L.**”, por ter presentado o sobre ou arquivo electrónico coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente.

Terceiro: Aprobar, de acordo coa proposta do órgano de asistencia de data 14 de novembro de 2019, a valoración da única proposición presentada de acordo coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, a do licitador Evelb Técnicas y Sistemas, S.L., polo que ésta obtén a puntuación máxima establecida (100 puntos) de acordo á cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto: De conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data do 14 de novembro de 2019, posteriormente ratificada o día 27 de novembro de 2019, adxudicar a “Subministración consistente no alugueiro, incluído mantemento, dun sistema biométrico para o control de presenza do alumnado e persoal docente dos cursos do Plan AFD 2019-2020 durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga aos cursos académicos 2020-2021, 2021-2022 e 2022-2023” a prol da entidade “Evelb Técnicas y Sistemas, S.L.”, no prezo total ofertado por curso académico de 1.763,04 euros sen IVE, 2.133,28 euros IVE incluído, por ser a única entidade admitida na presente licitación e cumprir co único criterio de adxudicación que consta na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente procedemento, unha vez xustificada suficientemente a súa oferta económica, que inicialmente se atopaba incurso en presunción de resultar anormalmente baixa, ademais de ter achegado a documentación previa á adxudicación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas que rexen no expediente.

Quinto: De conformidade co establecido na cláusula 16.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a firma da aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

Sexto: Designar como responsable do contrato á axente de Desenvolvemento Local municipal, de conformidade co establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis no artigo 62.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de

conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/incluído, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Oitavo: Notifíquese á responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.4. Adxudicación da Subministración e instalación dunha pantalla Led deportiva e un xogo de marcadores de posesión no pavillón polideportivo Sofía Toro, á entidade Medulio Servicios y Obras, S.L., no prezo ofertado de 12.870,00 € sen IVE, 15.572,70 € IVE incluído. Expediente número 2019/C002/000402

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 26 de novembro de 2019 elabórase polo coordinador deportivo municipal a Memoria valorada para a Subministración e instalación dunha pantalla Led deportiva e un xogo de marcadores de posesión no pavillón polideportivo Sofía Toro, no que se describen e valoran as actuacións a realizar para substituír o equipamento actual da instalación deportiva, xa que o marcador electrónico existente nesa instalación conta con máis de vinte anos de antigüidade, precisando ademais dun novo xogo de marcadores que sexa compatible coa pantalla deportiva, todo elo por un importe de 13.223,14 euros sen IVE, e 16.000.00 euros IVE incluído.

Con data 27/11/2019 emítense proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e pola concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se motiva a necesidade desta contratación debido á que a dita contratación considérase necesaria para o correcto mantemento e uso das instalacións deportivas municipais, en cumprimento das competencias que o Concello de Cambre ten na promoción do deporte e instalacións deportivas conforme se estipula no artigo 25.2 apartado l) da Lei 7/1985 reguladora

das bases de réxime local, e na Lei 3/2012 do deporte de Galicia, no seu artigo 8, tendo en conta que o marcador electrónico do Pavillón polideportivo municipal Sofía Toro conta con máis de vinte anos de servizo e está a dar numerosos problemas técnicos que requiren de reparacións habituais, o cal afecta tanto aos adestramentos como aos partidos que se disputan na instalación. Asemade, ao tratarse dun modelo antigo, as prestacións do citado marcador son cada vez máis limitadas para os requirimentos actuais de tipo técnico e regulamentario das competicións oficiais de baloncesto, prevéndose insuficientes a curto prazo. Por isto, resulta necesaria a subministración e instalación dunha pantalla deportiva LED que substituirá e mellorará as prestacións do equipamento actual, adaptándose aos requirimentos de información deportiva das actividades deportivas actuais e futuras; asemade, complementará aqueles outros eventos culturais e/ou festivos puntuais, que se celebran no pavillón de referencia de xeito habitual. En consecuencia, tamén se fai indispensable a adquisición dun novo xogo de marcadores de posesión compatibles coa pantalla deportiva (os actuais non o son), así como os accesorios e programas necesarios para o correcto funcionamento do conxunto do equipamento; isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP e Resolución da Alcaldía nº 1323/2019 do 1 de xullo .

Con data 11/12/2019 emítese polo interventor municipal informe de fiscalización nº 419/2019, favorable á tramitación do expediente , no que consta a existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 342 62500 e que as empresas ás que se ten previsto solicitar oferta non superan os 15.000 euros en subministracións no presente exercicio orzamentario, emitíndose documento de retención de crédito con data do 11/12/2019.

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 18/12/2019 emítese informe polo coordinador deportivo coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Innova Sport, S.L.
- Medulio Servicios y Obras , S.L.
- Mondo Iberica S.A.U.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Innova Sport, S.L.	13.223,14 €	16.000,00 €
Medulio Servicios y Obras , S.L.	12.870,00 €	15.572,70 €
Mondo Ibérica S.A.U.	13.000,00 €	15.730,00 €

formulando proposta de adxudicación da Subministración e instalación dunha pantalla Led deportiva e un xogo de marcadores de posesión no pavillón polideportivo Sofía Toro, á entidade Medulio Servicios y Obras, S.L., con NIF B7019----, e domicilio na Praza da Ria 1-A, 4º D, 15679 O Temple (Cambre), no prezo ofertado de 12.870,00 € sen IVE, 15.572,70 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto canto antecede e o informe favorable emitido pola técnica de Xestión de Administración Xeral de data 18 de decembro actual, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a Memoria valorada para a Subministración e instalación dunha pantalla Led deportiva e un xogo de marcadores de posesión no pavillón polideportivo Sofía Toro, elaborada polo coordinador deportivo con data 26/11/2019, por un importe de 13.223,14 euros sen IVE, e 16.000.00 euros IVE incluído, e maila necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342 62500

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000402, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para a Subministración e instalación dunha pantalla Led deportiva e un xogo de marcadores de posesión no pavillón polideportivo Sofía Toro, á entidade Medulio Servicios y Obras, S.L., con NIF B7019----, e domicilio na Praza da Ria 1-A, 4º D, 15679 O Temple (Cambre), no prezo ofertado de 12.870,00 € sen IVE, 15.572,70 € IVE incluído, por ser a empresa



que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao coordinador de actividades culturais e educativas municipal don José Luis Martínez Názara, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao coordinador de actividades culturais e educativas municipal, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39incluído, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as catorce horas e dez minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Óscar A. Garcia Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia